

# Pequena introdución de costumes

Xavier QUEIPO

Unha vez saído da cela 43, tiñase especializado en levar a cabo exercicios de desorientación sensíbel. Así, o luns era o día sinalado para tomar unha ducha cos ollos pechados. O obxectivo nunca explicado desta ablución cega talvez fose o de non acordar ao completo, é dicir, gardar as imaxes da fin de semana limpando o corpo magoado polas feridas acumuladas na batalla. Logo da ducha, o día declinábase en pequenos paseos sen rumbo fixo, un mazo de cigarros e varias comidas sumarias: un iogur e unha banana como todo almorzo, dous vasos de leite de soia ao mediodía, varias bebidas azucradas consumidas a intervalos ao longo do día (para contrarrestar a sequidade da boca, connatural ao consumo de cada cigarro), unha porción de carne de vitela crúa con ensalada para cear e unha sopa de apio unha media hora antes de se ir deitar.

O martes, día da lelicia entendida como nivel mínimo da esperanza, decidira pasalo sen facer nada, literalmente nada, coa pretensión de ler algúns textos taoístas que tiñan na inacción o principio condutor para facer acordar a sabedoría. Con determinación estricábase no leito ou no sofá do salón, para limpar así o seu maxín de toda experiencia e remorso. Un día austero, sen tabaco e sen comida. Permitíase só cantidades inmoderadas de auga, substituídas coa chegada do inverno por té verde importado da China. Un día sen movemento, sen paseos, sen comida nin paixóns que turbasen o ánimo.

O mércores, declarado unilateralmente día da entomoloxía recreativa, reservábo para a escrupulosa observación dos insectos (a saber, segundo a estación: as cascudas no inverno, as formigas en primavera e as moscas no verán, reservando o outono para rexistrar o traballo sistemático dos carunchos). Todo iso como rutina, sen esquecer o reconto minucioso das variedades miméticas de xoaniñas e a chegada estacional –tan inesperada como as enxurradas– das formigas con ás, que constituían o núcleo do seu traballo de investigación, que levaba avanzando con lentitude de caracol os últimos trinta anos.

O xoves, sempre no medio e medio da semana e, así e todo, eixo da esperanza e catalizador das lembranzas, recoñecía pola visita á sala de cinema máis próxima e por saír logo á rúa coa mente aberta a recibir un baño de luz, onde recrear os soños de escuridade. A dificultade presentábase durante o inverno belga, onde os días son tan curtos coma fríos. Esta característica crono-xeográfica obrigábo a asistir as sesións que comezaban no fin da mañá para saír así antes de que fosen as catro da tarde e, daquela, acudir ao café máis próximo e pedir un chocolate quente, que constituía a súa refección preferida despois do mediodía.

O venres, día de espera angustiada, comezaba moi cedo e consistía en coller o metro sen destino fixo, descendendo dos vagóns para tomar unha liña ou outra –só había seis, naquela cidade tan enguedellada para outras cousas e tan simple para o trazado do suburbano– segundo a cor dos pantalóns que levase postos a última persoa que subise na parada precedente, colocándose xunto o lugar que el ocupaba a carón da porta corrediza. Así, se os pantalóns fosen azuis, significaría baixar na estación seguinte; se negro, seguir dúas estacións e saír entón á superficie, para tomar o fresco e regresar sobre o seu traxecto no sentido contrario, despois dunha visita de vinte minutos ao barrio, e máis concretamente ao primeiro café nas proximidades da estación, para engulir dúas cervexas sen apenas respirar; se gris, saír na terceira estación e tomar daquela o primeiro autobús que alí se detivese, sen observar nin orixe nin destino; finalmente se a cor fose castaña, baixar de súpeto e esperar na plataforma o seguinte metro na dirección oposta. No caso pouco frecuente no que a cor dos últimos pantalóns da persoa que tivese entrado na estación precedente para se situar do lado da porta e a carón de onde el estaba apoiado non fose nin azul, nin negro, nin gris, nin tan sequera castaño (circunstancia que resultaba ben pouco común), tería de consultar un pequeno caderno vermello onde tiña anotado escrupulosamente toda a panoplia das cores posíbeis –extraí-

da dun catálogo para artistas plásticos— onde anotara todas as combinación de cores, xunto ás circunstancias e ás accións que en cada caso debería seguir.

O sábado estaba, pola súa banda, dividido claramente en dúas partes. En primeiro lugar a mañá, coa visita sistemática á panadería da Sra. Rochefort, para mercar dous croasáns, algúns pans ao chocolate, dúas ou tres estrelas de follado e un bolo suízo trufado de sultanas, que constituirían os elementos básicos dos seus tres almozos do día. O primeiro ben cedo, antes das oito horas da mañá, para a continuación dirixirse coa bolsa da roupa ao salón de lavandería ben antes de que fixesen a súa aparición as mulleres africanas e as cholas con inmensos mandos de prendas de vestir de cores rechamantes (unha categoría discutíbel, tendo en conta orixes e sensibilidades). Despois de facer a bogada, viña a ordenación das prendas de vestir, que gardaba minuciosamente pregadas no único armario do seu apartamento, saír outra vez e, xa logo, visitar ao cabeleireiro para se facer rebaixar o cabelo e regular a barba. Pouco despois chegaba a ducha (esta vez cos ollos abertos e prendidos de esperanza ou irritación, segundo o uso que fixese dun xel demasiado ácido). Unha vez limpo e perfumado, era o momento do segundo almorzo, esta vez con café en troques de cacao. Entón, sentía chegado o momento de ir tomar un aperitivo nun café do barrio —cada semana nun diferente, para fuxir do horror de se converter nun visitante habitual e esperado— ensarillar conversa co camareiro ou co dono do local, que tantas veces se consideran a si mesmos máis importantes e ilustrados có cliente, con ese pasmo que leva a falar de lugares comúns, da meteoroloxía mudábel ou dunha futura e esperada Terceira Guerra Mundial, sobre a marea de cidadáns sen papeis ou, o que é peor aínda, do campionato de fútbol, con náufragos ou falsos filósofos alcohólicos, do horror que produce observar o reflexo do rostro no espello da nostalgia, dos días que pasan devagar mais inexorábeis. Entón, o exercicio consistía en ler algunhas páxinas dun manual de filosofía simplificado, tal como “A filosofía como xeito de vida”, “101 Experiencias de filosofía diaria” ou mesmo o “O anti-manual de filosofía”, e, no límite, unha das múltiples novelas producidas es serie por místicos postmodernos, como o dito Paulo Coelho. As dúas últimas horas desta condena consistía en gozar dun paseo no Bosque dos soños, a ver caer as follas en outono, a contemplar os paxaros en

primavera ou recoller cogomelos para completar o seu caderno botánico, misión nunca rematada. Algunhas veces isto acontecía coa rapidez experimental dos encontros esporádicos de carácter sexual, sempre entendidos como experiencias puramente científicas, que se desenvolvían con maior ou menor soltura segundo o sexo declarado do seu partenaire. Logo da camiñada, unha sesta compensatoria e así pasaba cada sábado (aínda no verán). Para non ter a sensación dunha grande durmida, a sesta pasábase nunha cama turca situada nun pequeno cuarto situado no entrechán ou no salón principal da casa. Durante a sesta —se cadra para comezala moneando— masturbábase con violencia, non exclusivamente polo pracer inmediato senón certamente para inducir o soño canto antes, como tiña constatado que ocorría co seu corpo, resultado de longas experimentacións empíricas. Despois da sesta, viña o terceiro almorzo, esta volta con té verde no canto do café ou do cacao. A miúdo reservaba para esa ocasión o bolo suízo, para mollalo no té verde, pois detestaba o sabor das uvas con cacao ou café (co té acontecía o contrario, pois adoraba as sultanas de pel descolorida en contacto co té verde sen azucre). Chegaba despois unha segunda adaptación xeral que consistía nun baño quente nun cuarto de baño con baldosas azuis, unha depilación escrupulosa dos pelos dos pavillóns auditivos, dos orificios do nariz e das cellas, unha sesión de relaxación na pequena sauna instalada, por común acordo dos veciños, no antigo lugar destinado ao elevador, agora dado de baixa do seu uso tradicional. Rematada a sauna, unha ducha de auga ben fría, un café expreso e o primeiro cigarro da semana, constituían as rutinas fixadas mentres se equipaba para saír a danzar a unha discoteca situada nas proximidades do barrio chino, máis ben vietnamita, mais chamado “barrio chino” por puro mimetismo con cidades maiores e máis famosas.

O domingo reservábase para acordar sen saber onde, circunstancia á que chegaba de xeito natural, pois no frenesí da danza colgábase do primeiro colo que lle sorría, con independencia do xénero. Coa mestura de alcol e outras substancias —cloruro de amilo, clorhidrato de dihidroanfetamina, cannabíno, nicotina en cantidades masivas— a meirande parte dos domingos acordaba quer no silencio da campaña —tiña unha predilección marcadas polos segadores de gadaña e as mozas con colorete modelo leiteira holandesa— quer nos arrabedes da cidade. Este acordar en apartamentos, lugares e casas descoñecidas constituían a

rutina menos rutineira. O feito de durmir cun novo socio ou socia cada fin de semana tiña, certamente, unha continuidade (durmir sempre con alguén diferente) mais paradoxalmente ao tempo unha forte discontinuidade (cada vez con alguén diferente).

Todo isto o levaba, tal parece, como unha procura do estetismo axudado da repetición como

método sofisticado, como impulso encontrado na sombra do ralentí, que constituíra a vida de Jacques na súa reclusión –logo de dubidosa culpa– na cela 43.

E así, unha vez máis, durante anos e anos deica instaurar unha rutina máis espantosa aínda que a rutina da cadea.